

# 1 Inicialización das sesións

- **Referencia das sesións en PHP en:** <http://php.net/manual/es/ref.session.php>
- **Aspectos de seguridad en las sesiones:** <http://php.net/manual/es/session.security.php>

Para utilizar sesións en PHP o primeiro é inicializarlas.

Podemos facelo explicitamente, mediante a función `session_start()`

É moi común usar a instrucción `@session_start()`, para evitar que si a sesión xa foi creada amose unha mensaxe de warning.

É importante que `@session_start()` sexa a primeira liña do código da páxina. Consultar o seguinte apartado da sección de erros.

Vexamos un sinxelo exemplo:

```
<?php
@session_start();

echo "Ola. Inicializada a sesión.";
?>
```

Podemos obter o id da sesión en calquera momento mediante a función `session_id()`.

Inserta nas sucesivas páxinas a seguinte liña para ver se a sesión está dispoñible:

```
<?php
@session_start();
echo 'A sesión actual é: '.session_id();
?>
```

--Veiga (discusión) 17:16 11 ene 2016 (CET)--Veiga (discusión) 17:16 11 ene 2016 (CET)